



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Habilidades directivas na area da igualdade e do benestar

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	48
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2007
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	2

DATA MATRÍCULA: Do 12/05/2007 - 08:00h ao 22/05/2007 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Formar os/as empregados/as públicos/as con responsabilidades directivas, de xestión e/ou mandos intermedios, nas técnicas e habilidades directivas necesarias para afrontar o liderado de equipos de traballo, xestión de organizacións e mellora da calidade, en unidades administrativas ou centros relacionados coas áreas da igualdade e do benestar.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as da Administración da Xunta de Galicia con funcións de mando intermedio ou directivas.

PROGRAMA

- Módulo A. Políticas públicas de xestión: 10 horas.
- Módulo B. Xestión pública na área dos servizos sociais: 10 horas.
- Módulo C. Xestión pública e negociación: 10 horas.
- Módulo D. Marketing na área dos servizos sociais.
- Módulo E. Calidade nas organizacións públicas da área de servizos sociais: 10 horas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos aspirantes efectuaraa unha comisión designada para este efecto e constará de dúas fases:

1ª fase: valoración de méritos.

A puntuación máxima desta fase será de 7 puntos e aplicaráse o seguinte baremo:

a) Por cada ano de experiencia en postos de responsabilidade directiva en centros da igualdade e do benestar ou en unidades administrativas desas áreas con nivel de xefatura de servizo ou superior: 0,50 puntos por ano ata un máximo de 2,50 puntos.

As fraccións de ano traballado nun posto poderanse acumular ao tempo traballado noutro. A experiencia será certificada polo responsable do departamento de persoal do que dependa o solicitante.

b) Pola posesión de cursos específicos para directivos impartidos por entes públicos ou privados con homologación pública.

-Por cursos de 50 a 150 horas: 0,25 puntos/curso.

-Por cursos de máis de 150 horas: 0,50 puntos/curso.

A puntuación máxima desta epígrafe será de 2,50 puntos.

Os cursos deberán ter relación con algunha das materias relacionadas co contido do curso obxecto desta convocatoria.

c) Por publicacións de monografías ou artigos sobre temas relacionados coa Administración pública: máximo de 1 punto.

-Cada monografía: 0,50 puntos.

-Cada artigo: 0,25 puntos.

Só se valorarán as monografías ou artigos aparecidos en publicacións con ISBN ou ISSN que estean debidamente acreditados.

d) Por coñecementos do idioma galego ou idiomas comunitarios: máximo de 1 punto.

- Acreditación de nivel superior ao diploma de perfeccionamento de galego: 0,50 puntos.
- Acreditación de nivel medio dunha lingua da Unión Europea: 0,50 puntos.

A comisión de selección, unha vez concluída a fase de baremación, exporá os resultados provisorios na páxina web da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e nos taboleiros de anuncios dos seus servizos centrais e delegacións. Durante tres días hábiles os aspirantes poderán formular alegacións. A continuación elaborárase a relación definitiva. A comisión determinará a puntuación mínima para acceder á segunda fase.

2ª fase: entrevista.

A puntuación máxima é de 3 puntos. A comisión avaliará as condicións intelectuais, profesionais, persoais, a capacidade de liderado e a motivación dos aspirantes.

Unha vez rematada a segunda fase, elaborárase a relación definitiva de aspirantes seleccionados para participar no curso. Esta relación exporase na páxina web da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e nos taboleiros de anuncios dos seus servizos centrais e das súas delegacións.

3. DATOS EDICIÓNS

CO07QBI001SA		
LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA		INICIO / FIN: 11/06/2007 a 28/06/2007
NUM. PRAZAS: 30	ESTADO: NORMAL	DATA EXAME:
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		

SANTIAGO		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		INICIO / FIN: 18/06/2007 a 05/07/2007
NUM. PRAZAS: 30	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	DATA EXAME:
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		